

BASES DA CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DO CARGO DE XUIZ DE PAZ SUSTITUTO DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO

Sendo preciso proceder a **renovación do cargo de Xuíz de Paz Sustituto desta localidade** (de conformidade co disposto na Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, e na Lei 38/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e Planta Xudicial e no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz), o pleno do concello procederá a elección da persoa que deba ser nomeada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o cargo, por un período de catro anos.

Polo que se procede á Convocatoria Pública do citado cargo, cuxa selección se realizará conforme ás seguintes BASES:

PRIMEIRA. Os **requisitos que deben reunir as persoas** que desexen participar na selección, sen que sexa preciso o título de licenciado en Dereito, son:

- Ser español/a e maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade que establece o artigo 389 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, e que son as seguintes:
 - Os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial
 - Os condenados por delito doloso mentres non obtivesen a rehabilitación
 - Os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite acto de sobresemento
- Os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

SEGUNDA. Durante o seu mandato os Xuíces de Paz sustitutos **estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións** reguladas nos artigos 389 a 397 da LOPJ e no que lles sexa aplicable. En consecuencia, o seu cargo será incompatible:

- Co **exercicio de calquera outra xurisdición** allea a do Poder Xudicial
- Con calquera **cargo de elección popular ou designación política** das Estado Comunidades Autónomas, provincias e demais entidades locais e organismos dependentes de calquera deles.



- Cos **empregos ou cargos dotados ou retribuídos pola Administración do Estado, as Cortes Xerais, a Casa Real, Comunidades Autónomas, Provincias, Municipios** e calquera entidade, organismo ou empresa dependente duns ou outros.
- Cos **empregos de toda clase nos tribunais e xulgados** de calquera orde xurisdiccional
- Con todo **emprego, cargo ou profesión retribuída**, salvo a docencia ou investigación xurídica, así como a produción e creación literaria, artística, científica e técnica e as publicacións derivadas daquela, de conformidade co disposto na lexislación sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- Co **exercicio da Avogacía e a Procuradoría**.
- Con **todo tipo de asesoramento xurídico**, sexa ou non retribuído
- Co **exercicio de todas actividade mercantil**, por si ou por outro
- Coas **funcións de director, xerente, administrador, conselleiro ou socio colectivo** ou calquera outra que implique intervención directa, administrativa ou económica en sociedades ou empresas mercantís, públicas ou privadas, de calquera xénero.

En todo caso **terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:**

- A dedicación a **docencia ou a investigación xurídica**.
- O **exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo** e que, pola súa natureza, **non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia** nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais.

Non poderán os Xuíces de Paz pertencer a partidos políticos ou sindicatos ou ter emprego ao servizo dos mesmos e estaralles prohibido:

- Dirixir os poderes, autoridades ou funcionarios públicos ou Corporacións oficiais, felicitacións ou censuras polos seus actos, nin concorrer na súa calidade



de membros do Poder Xudicial a calquera acta ou reunión pública que non teña carácter xudicial, excepto aquelas que teñan por obxecto cumprimentar o REY ou para as que foran convocados ou autorizados a asistir polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

- Tomar nas eleccións legislativas ou locais máis parte que a de emitir o seu voto persoal. Isto con todo, exercerán as funcións e cumprimentarán os deberes inherentes os seus cargos.

TERCEIRA. O Xuíz de Paz Sustituto será retribuído polo sistema e a contía que legalmente se estableza e terá, dentro da súa circunscrición, o tratamento e precedencia que se recoñeza polo Regulamento correspondente.

CUARTA. Os interesados en ser nomeados para o citado cargo deberán presentar a súa **SOLICITUDE** de acordo coas seguintes normas:

1. Na solicitude o interesado deberá **facér constar manifestación sobre os seguintes extremos:**

- Se está afiliado a algún partido ou traballa para el.
- Se está afiliado a algún sindicato ou traballa para el.
- Se está colexiado como avogado ou procurador exercinte.
- Se é funcionario ou empregado dalgunha administración pública.

2. **Documentación a acompañar a solicitude:**

- Fotocopia do DNI
- Certificado de antecedentes penais.
- Currículo persoal
- Documentos acreditativos dos méritos e estudos que se inclúan no currículo

3. **Prazo:** o prazo de presentación de solicitudes será de **quinze días hábiles** contados desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP de Ourense.



4. **Lugar de presentación:** o impreso de solicitude, debidamente cumprimentado, deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Viana do Bolo, sito na Rúa Constitución número 14 en horario de 9 a 14 horas. Tamén poderá presentarse mediante calquera dos procedementos regulados no artigos 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas .

QUINTA. As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello, órgano que procederá á elección da persoa que, cumprindo os requisitos establecidos, considere máis idónea. A elección realizar por acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros.

No caso de que non se presenten solicitudes, o pleno elixirá libremente con suxeición aos mesmos requisitos do procedemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

